


Actividade na que o usuario pode manexar un gráfico de sectores realizando certas operacións sobre este ou sobre os datos:



Na pestana "Actividade" atopamos:

**1 Haga doble clic para introducir datos**

Título: Notas de Matemáticas 2º Bacharelato

1 Suspensos <5 2 Aprobado 5 3 Aprobado 6  
 4 Aprobado 7 5 Aprobado 8 6 Aprobado 9  
 7 8 9  
 10 11 12

Incremento: 2 Verdana, Geneva, sans-serif 14  
 Ancho: 200

	Valor	%
Suspensos <5	6	18,75
Aprobado 5	10	31,25
Aprobado 6	2	6,25
Aprobado 7	8	25
Aprobado 8	4	12,50
Aprobado 9	2	6,25
	0	0
	0	0
	0	0
	0	0
	0	0
	0	0
	0	0

**2 Seleccione los distintos parámetros para la actividad**

Tipo de actividad:  
 Fija  Libre  Ajustar gráfico  
 Cubrir datos  Ajustar datos y gráfico  
 Ver tabla de datos  Ver tabla de %

Ancho: 300

**ZONA 1**

**1 Haga doble clic para introducir datos**

Título  **1**  **2**  **3**

<b>1</b>	<input type="text" value="Suspensos &lt;5"/>	<input type="checkbox"/>	<b>2</b>	<input type="text" value="Aprobado 5"/>	<input type="checkbox"/>	<b>3</b>	<input type="text" value="Aprobado 6"/>	<input type="checkbox"/>
<b>4</b>	<input type="text" value="Aprobado 7"/>	<input type="checkbox"/>	<b>5</b>	<input type="text" value="Aprobado 8"/>	<input type="checkbox"/>	<b>6</b>	<input type="text" value="Aprobado 9"/>	<input type="checkbox"/>
<b>7</b>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<b>8</b>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<b>9</b>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
<b>10</b>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<b>11</b>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<b>12</b>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>

Incremento  **5**  **6**  **7**  **8**

Ancho  **9**

No campo "Título" (1) escribiremos o texto que queiramos que apareza na parte superior da actividade, no campo (2) axustaremos o tamaño da fonte e co botón (3) a súa cor.

Nos campos (4) escribiremos os textos para cada un dos sectores do gráfico ata un máximo de 12. Ao lado de cada un deses campos hai un botón para elixir a cor do sector correspondente que aparecerá no gráfico.

No campo "Incremento" (5) escolleremos o tamaño do sector con respecto á suma do total de unidades do gráfico. Por exemplo se a suma de todos os valores numéricos dos sectores é 30 e escollemos un incremento de 3, o gráfico aparecería dividido en 10 partes iguais.

Co botón (6) elixiremos o tipo de fonte dos textos que escribimos nos campos (4), e que aparecerán listados á dereita do gráfico; no campo (7) o tamaño da devandita fonte e co botón (8) a súa cor. No campo "Ancho" (9) determinaremos o ancho da área que ocuparán os datos á dereita do gráfico; aumentando esta área aumentará tamén a altura da área de traballo da actividade.

**ZONA 2**

Nesta táboa será onde asignaremos un valor numérico (2) a cada un dos campos (1) que enchemos previamente na zona 1. As porcentaxes para cada campo (3) calcúalos Ardora de forma automática a partir do sumatorio de todos os valores da columna (2).

	Valor	%
Suspensos <5	6	18,75
Aprobado 5	10	31,25
Aprobado 6	2	6,25
Aprobado 7	8	25
Aprobado 8	4	12,50
Aprobado 9	2	6,25
	0	0
<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
	<b>0</b>	<b>0</b>
	<b>0</b>	<b>0</b>
	<b>0</b>	<b>0</b>
	<b>0</b>	<b>0</b>

Para introducir os valores facemos dobre clic sobre a táboa e aparece unha ventá emerxente:

The screenshot shows the 'Ardora' application window. It contains a table with the following data:

	Valor	%
Suspensos <5	6	18,75
Aprobado 5	10	31,25
Aprobado 6	2	6,25
Aprobado 7	8	25
Aprobado 8	4	12,50
Aprobado 9	2	6,25

At the bottom of the window, there is a summary: **32 = 100%**. The window also has a close button (X) and a checkmark button.

Despregando as listas (1) escolleremos os valores para cada un dos campos da súa esquerda (os valores serán sempre múltiplos do campo "Incremento" visto na zona 1). As porcentaxes da columna (2) calcúalos Ardora de forma automática, así como tamén a información (3) que aparece na parte inferior da ventá.

### ZONA 3

Nesta zona regulamos algunhas das características da actividade e a forma en que o usuario poderá interaccionar con esta:

**2 Seleccione los distintos parámetros para la actividad**

En "Tipo de actividade" (1) temos 5 botóns excluíntes. Se eliximos "Fixa", o usuario non podería interactuar con ela e sería máis ben do tipo presentación.

Escollendo "Cubrir datos" márcase automaticamente a casa (2) "Ver táboa de datos" e á dereita do gráfico aparecerán unha serie de listas despregables para que o usuario escolla o valor axeitado para cada sector en cada unha delas; os valores serán sempre múltiplos do campo "Incremento" visto na zona 1. Neste caso se marcamos tamén a casa (4) "Ver táboa de %", aparecerá unha segunda columna de listas despregables nas que o usuario deberá elixir a porcentaxe axeitada para cada sector.

Marcando a opción "Axustar datos e gráfico", tamén se marca automaticamente a casa (2) "Ver táboa de datos"; o usuario terá que colorear os sectores e ademais elixir os valores correspondentes para cada un deles nas listas despregables da táboa de datos.

Se marcamos a opción "Libre", o botón de verificación desaparece e o usuario poderá colorear os sectores do gráfico como desexe, así como tamén elixir os valores das táboas de datos e de porcentaxes se marcamos esas casas.

Ao marcar "Axustar gráfico" o usuario terá que colorear os sectores dependendo dos valores que presente a táboa de datos e/ou a de porcentaxes polo que teríamos que marcar obrigatoriamente a casa (2) ou a (4) salvo que o docente proporcionase información externa á actividade.

No campo (3) determinaremos o ancho do gráfico (ao ser circular, o alto será o mesmo). Ao aumentar este, a altura do recadro da área de traballo aumentará automaticamente para que o gráfico non sobresaia fóra desta.

Finalmente, cos botóns (5) indicaremos se os recadros terán ou non as esquinas redondeadas

(área de traballo, intentos e acertos, verificación,...) e a casa (6) fará a actividade compatible con dispositivos de pantalla táctil.